

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	<p>A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana.</p> <p>Elementos básicos da xeometría. Concepto, tipos e características de punto, liñas, ángulos, e lugares xeométricos.</p> <p>Distancias.</p> <p>Puntos e rectas notables dos triángulos.</p> <p>Polígonos regulares estrelados.</p> <p>Concepto, uso e trazado de tanxencias e enlaces.</p> <p>Tanxencias entre rectas e circunferencias, e entre circunferencias entre sí.</p> <p>Óvalos, ovoide e espirais.</p>	30	25	X	X	
2	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	<p>Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Os sentidos.</p> <p>Constancias perceptivas, Teoría da Gestalt.</p> <p>Ilusións ópticas.</p> <p>Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</p> <p>Cor luz e cor pigmento, características.</p> <p>O círculo cromático, como se oscurecen os tonos coa cor complementaria.</p> <p>Características da cor: valor, tono, matiz e saturación. Armonías. Psicoloxía da cor, simbolismo.</p> <p>A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</p>	30	20		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	A linguaxe visual. Funcións e aplicacións. Elementos e tipos de linguaxes visuais. Iconas, símbolos e logotipos. O encadre. Tipos de plano. A linguaxe audiovisual. Movementsos de cámara e tipos de iluminación. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual.	10	8		X	X
4	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	3	3		X	X
5	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	4	X	X	X
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	4	X	X	X
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	O volume: exemplos e características expresivas.	4	3	X	X	X
8	Sistema diédrico: vistas.	Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte. Aplicar con corrección os coñecementos sobre lugares xeométricos, distancias, polígonos regulares, estrelados, triángulos e cadriláteros e tanxencias e enlaces nas súas produccions.	PE	80
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a produccions novedosas propias.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar as características dos lugares xeométricos, polígonos regulares, estrelados, triángulos e cadriláteros e das tanxencias e enlaces, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna. Comprender e producir textos onde se empregue terminoloxía específica do campo do debuxo técnico.	TI	20
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de produccions gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das produccions e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.			
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.		Baleiro	0
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de produccions propias, amosando unha visión persoal.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
2	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.	PE	30
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	70
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Empregar axeitadamente os materiais correspondentes ás técnicas empregadas nas súas producións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.
- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
3	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal. Recoñecer as leis visuais da Gestalt. Identificar signifiante e significado nun signo visual.	PE	45
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado. Valoración das posibilidades creativas das novas tecnoloxías na creación de imaxes. Tratamento coidadoso da obra plástica.		
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	TI	55
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar as características e os procedementos das técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, analizando os procesos con interese. Comprender e producir textos onde se empregue terminoloxía específica do campo das artes e audiovisuais. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, o proceso de elaboración dos traballos, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora. Correcta presentación de fotografías e obras plásticas e audiovisuais. Practicar os hábitos de limpeza e coidado do material en xeral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
4	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.	PE	40
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	60
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a a súa conservación.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
5	O proceso creativo.	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica. Coñecer e aplicar métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.	TI	45
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas (témpera e lapis de grafito e de cor, colaxe) para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas e mixtas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	45
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	PE	65
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	35
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema diédrico: vistas.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico.	PE	50
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Comprender o concepto de proxección e aplícalo ao debuxo das vistas de obxectos, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría.

Seguiremos introducíndonos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizar nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, nalgunha ocasión, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Para o desenvolvemento da programación será precisa, unha práctica de aprendizaxe que fomente o traballo interactivo, rigoroso, reflexivo e conectado coa realidade e co uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Unha práctica educativa que teña en conta as diversas fontes de información, que fomente a transformación da información en formación, que fomente e participe do espírito crítico, empregando a análise, a investigación e a innovación, o traballo ben feito e a autoavaliación.

Estas características, descubrimento e aprendizaxe significativo sérvennos de modelo no desenvolvemento das seguintes pautas metodolóxicas:

- Pautas motivadoras. Deberemos conectar cos intereses e expectativas dos alumnas/os, posto que estes intereses xéstanse na trama de relacións socio-afectivas, nas actividades en grupo ou nos centros de interese, elixidos coa participación do alumnado pode propicia-la súa motivación. É conveniente partir de experiencias cotiáns, da observación directa do entorno e en ocasións de imaxes proxectadas do mundo do cine, da pintura, da fotografía, da escultura, mass media...

- Pautas que propicien a explicitación dos coñecementos previos dos alumnos/as. A base sobre a que construímos calquera nova noción, está constituída polos coñecementos previos, pilares indispensables para a construción dunha estrutura de coñecemento significativa.

- Pautas que propicien o progreso conceptual. Para producir un verdadeiro aprendizaxe o alumno/a accedera a novos contidos, estes deberán presentar un grado de dificultade algo maior do que o alumno/a pode resolver por si mesmo, desta forma revalorizaremos o traballo colaborativo, ampliando enormemente as posibilidades de aprendizaxe.

- Pautas que promovan aplicación do aprendido. Para consolidar e profundar nos novos contidos é precisa a aplicación do aprendido a outros contextos que progresivamente sexan máis complexos, desta forma a aplicación de conceptos concretos, como o estudo dos axentes plásticos para logo en posteriores unidades aplicar novamente estes coñecementos, propiciará un aprendizaxe significativo nos nosos alumnos/as.

O alumnado deberá estar matriculado na materia de EPVA do curso correspondente da aula virtual. Durante este curso poderán recollerse os traballos físicos, e deberá realizarse a entrega a través da aula virtual nas tarefas correspondentes ás actividades propostas, ademais poden publicar os seus traballos no Corcho desta aula virtual para poder compartilos a modo de exposición.

A elaboración dos exercicios realizarase durante as horas lectivas e na casa.

Realizarase unha reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, e da consecución da adquisición das competencias clave a través da avaliación dos criterios establecidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Materiais pictóricos funxibéis: lápiz 2H, lápiz de cores, rotuladores, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias e branca.
Materiais para debuxo técnico: lapis 3H, escadra, cartabón, regra numerada, compás, e goma de vinilo.
Block de láminas e follas Din A4 brancas
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais para modelado.
Biblioteca de aula e do centro con libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.

Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

Dispositivo electrónico, teléfono, tablet, ordenador... con acceso a internet na casa.

Libro de texto: Educación Secundaria Obligatoria. Primer Ciclo - Nivel II , Ediciones Sandoval*

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar o material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns destes material para uso do alumnado, de ser necesario en casos excepcionais:

- Papel para tomar apuntes e realizar bosquejos (folios brancos) así como realizar os traballos finais de debuxo e técnicas húmidas (block de láminas).
- Lapis de diferentes durezas 2 HB e 3 H, e goma de vinilo.
- Tesoiras.
- afillapis
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos de diferentes tamaños para témperas ou acuarelas, e paleta branca ou transparente.
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. .

O alumnado debe dispor de algún dispositivo electrónico, teléfono, tablet, ordenador... con acceso a internet para poder acceder á aula virtual do centro, onde se realizarán todas as entregas dos traballos, así como dun Pen Drive, para poder transportar a información, e os arquivos dos traballos.

É deber do alumnado traer todos os materiais e instrumentos necesarios para o desenvolvemento da materia. en caso de non facelo a reiteración tres veces desta conduta conlevará un apercibimento. Ademais xunto ao comportamento contará o 10% da nota como ven recollido na programación.

En calquera caso é importante destacar que por medio do material pódense adquirir coñecementos relacionados coa disciplina, pero tamén debemos inculcar no alumno/a valores relacionados co respecto e bo uso do mesmo.

*Ademais dos libros que pertencen ao fondo de libros do centro, o departamento posúe outro fondo da área para os tres cursos onde se imparte a materia de Ed. Plástica Visual e Audiovisual, que presta ós alumnos que queiran facer uso dos mesmos. As familias e os alumnos comprométese por escrito a respectar e facer un bo uso do libro, e devolveo ó departamento ó remate do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

4. AVALIACIÓN INICIAL EN 3º DA ESO NO CURSO 2022/23

A avaliación inicial nos grupos da ESO realizarase na 2ª e 3ª sesións do curso. Terá un carácter informativo-orientativo para o profesor/a e analizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- Comprensión dos enunciados e do vocabulario específico.
- Caligrafía e ortografía.
- Presentación final (limpeza e orde das follas ó entregalas)
- Grado de coñecementos do alumno.
- Expresión artística.

Dependendo dos resultados acadados en xeral e en particular tentarase facer un seguimento para mellorar aqueles aspectos que máis o demanden.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	10	3	10	10	4	3	100
Proba escrita	80	30	45	40	55	55	65	50	54
Táboa de indicadores	20	70	55	60	45	45	35	50	46

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

Levarase a cabo, fundamentalmente, a través da observación directa do traballo e comportamento diario dos alumnos, e da análise e valoración dos traballos ou tarefas que teñan que desenvolver para a consecución dos obxectivos.

Para os que así o requiran (os relacionados co debuxo técnico, contidos conceptuais concretos) faranse probas específicas (exames) referidas a uns contidos moi concretos.

Con carácter xeral hai que sinalar que outros medios para avaliar poden ser igualmente valiosos, tales como diálogos cos alumnos, respostas escritas, ou traballos de comentario e crítica.

Farase tamén unha valoración cualitativa dos avances individuais de cada alumno. So no caso en que os alumnos acaden avaliación positiva en todas as probas atendendo ós mínimos expostos, amosando deste xeito a consecución das competencias, será positiva tamén a avaliación final.

En todas e cada unha das probas a cualificación farase sobre 10 puntos a partir de rúbricas deseñadas para cada unha delas aplicando o seguintes puntos:

- Expón correctamente o problema, aplica e desenvolve os contidos cumprindo cos obxectivos propostos de cada actividade.
- Demostra capacidade de razoamento na resolución dos problemas.
- Aplica e traza correctamente a expresión gráfica-plástica e demostra destrezas en execución e precisión cos procedementos e instrumentos de debuxo e as artes plásticas.
- Centra, proporciona e resalta correctamente.
- Terase sempre en conta a presentación, falta de anotacións claridade e limpeza do exercicio que se valorará cando menos con 1 punto, e se fará fincapé tamén nas faltas de ortografía restando 0,2 puntos cada unha, e as tildes 0,1 pto c/u.
- Toma iniciativa persoal de forma creativa autónoma, aplicando a linguaxe gráfica e plástica.

En cada avaliación obterase a cualificación do boletín do seguinte xeito:

En cada unha destas tres avaliacións faranse unha ou dúas probas individuais escritas. Cada proba contará cun número de exercicios, nos que estará especificado o seu valor para obter a cualificación final da mesma. As probas cualificaranse sobre 10 puntos e superarán a proba aqueles alumnos que obteñan como mínimo cinco puntos. Sobre a puntuación total acadada restaranse os seguintes puntos: falta de anotacións claridade e limpeza do exercicio = 1 punto, as faltas de ortografía = 0,2 puntos cada unha, e as tildes = 0,1 pto c/u.

O 45% da nota obterase realizando a media aritmética das cualificacións parciais das probas escritas realizadas ata ese momento do curso, sempre que se acaden polo menos tres puntos en cada unha delas.

A media aritmética dos traballos e actividades propostos durante o que vaia de curso contarán o 45% da nota, tendo que estar todos entregados na aula virtual e correctos cando menos para poder elaborar a media e, valorándose cun 0 os non presentados. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgunos que se poden empregar na meirande

parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Demostra capacidade de razoamento na resolución dos problemas.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde, que se valorará cando menos con 1 punto, e se fará fincapé tamén nas faltas de ortografía restando 0,2 puntos cada unha, e as tildes 0,1 ptos c/u.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Toma iniciativa persoal de forma creativa e autónoma, aplicando a linguaxe gráfica e plástica.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

Estas notas valoraranse xunto co traballo diario no centro e na casa, a actitude cara a materia e o esforzo persoal (10%) que se valorará coa seguinte rúbrica:

- Ten unha actitude positiva na clase, atende e consulta dúbidas co/a profesor/a.
- Realiza na casa os traballos propostos.
- Entrega puntualmente os traballos.
- Cando un traballo non é correcto o repite ata quedar superado.
- Trae o material á clase e fai un bo uso do mesmo.

Cando o/a alumno/a sume 5 negativos nunha mesma avaliación atendendo a calquera destes items non obterá ningunha puntuación neste apartado.

O número de exames poderá variar en función da temporalización, e dicir, poderase reducir ou ampliar o número de exames referente ás partes por necesidades específicas do grupo.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Na avaliación ordinaria obterase a cualificación do boletín do seguinte xeito:

O 45% da nota obterase realizando a media aritmética das cualificacións dos exames de avaliación realizados nos tres trimestres do curso. (Terase en conta a nota mais alta obtida entre o exame e, a ou as recuperacións do mesmo) A media aritmética dos traballos e actividades propostos durante o curso contarán o 45% da nota.

Esta nota valorarase xunto co traballo diario no centro e na casa, a actitude cara a materia que terá como valor máximo o 10% que se valorará coa seguinte rúbrica:

- Ten unha actitude positiva na clase, atende e consulta dúbidas co/a profesor/a
- Realiza na clase os traballos propostos
- Entrega puntualmente os traballos
- Cando un traballo non é correcto o repite ata quedar superado
- Trae o material á clase e fai un bo uso do mesmo

Cando o/a alumno/a sume 5 negativos atendendo a calquera destes items non obterá ningunha puntuación neste apartado.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

Para a recuperación dos exames (en caso de habelos, e estar suspensos) prevense probas de recuperación parciais en número de unha por avaliación parcial, a excepción da terceira, que por razóns de calendario, so se poderá recuperar nunha proba final que permitirá ademais, a recuperación daquelas avaliacións parciais non superadas ó longo do curso, ou da totalidade da materia, e na que se aplicarán os mesmos criterios de cualificación que nas probas parciais.

Os alumnos que non obteñan avaliación positiva (nota igual ou superior a 5), en algún traballo práctico, poderán e deberán repetilo ata a súa superación.

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

RECUPERACIÓN FINAL:

Os alumnos que non obteñan avaliación positiva (nota igual ou superior a 5), na 3ª avaliación, deberán realizar as probas (exames) non superadas ao longo do curso e entregar do mesmo xeito os traballos non entregados ou superados nos 3 trimestres. A cualificación final obterase do mesmo xeito que ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con algunha materia pendente deste departamento están matriculados nun curso da aula virtual de pendentes, onde teñen toda a información necesaria para poder superar a materia, resumo da programación, actividades e recursos para poder realizalas.

A programación didáctica completa pode consultarse na páxina web do centro nas programacións do curso 2022-23.

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL Y AUDIOVISUAL

Os/as alumnos/as que teñan pendente Ed Plástica Visual e Audiovisual da ESO, para conseguir os obxectivos fixados, deberán presentar unha serie de traballos semellantes aos realizados no devandito curso, e realizar os exames que non estean superados nese curso. Estes traballos e exames corresponderanse a cada bloque de contidos impartidos da programación que non se superaron nese curso.

A materia poderá recuperarse de forma extraordinaria en setembro, presentando e superando os traballos e as probas propostas a cada alumno. No caso de non alcanzar os obxectivos da materia nesa convocatoria, realizaranse nas probas de pendentes de novembro e febreiro, e como data límite na convocatoria do mes de maio. A profesora propoñerá un calendario de entregas a cada alumno/a e valorará se están superados os obxectivos para a avaliación final.

Para isto a xefa do departamento comunicarlles a temporalización e o desenvolvemento das probas que en cada caso teñan que superar. Durante todo o curso a profesora fará un seguimento do traballo de cada alumno individualmente, distribuíndo as tarefas pendentes nos tres trimestres e axudando coas dúbidas que se poidan ter en cada unha delas.

Os traballos entregaranse a través das tarefas propostas no curso.

Avaliación:

- 50% da nota: nota media dos traballos do curso.

- 50% da nota: nota media dos exames do curso

TEMPORALIZACIÓN DA ENTREGA DE ACTIVIDADES

En setembro poderán entregarse todas as tarefas solicitadas e poderase realizar un exame global do curso. No caso de non superar a materia en setembro, cada trimestre seguindo o calendario elaborado por xefatura de estudos, deberán entregarse as actividades que aparecen no plan de pendentes individualizado, entregado a cada familia, e realizar o exame dos contidos correspondentes ás láminas dese trimestre.

Se queda algunha tarefa pendente de entrega nun trimestre entregarase ao seguinte, debendo estar todas entregadas na convocatoria de maio. As entregas deben realizarse en formato .pdf.

En maio poderán recuperarse os exames pendentes de superación ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- Establecer as medidas máis axeitadas en cada caso para a atención os alumnos con NEE. Realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Cando a proposta de traballo sexa en equipo, preferiblemente o número de participantes será pequeno para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias en ocasións resulta crucial nos casos de alumnado con menor participación na materia.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Detectadas as necesidades do alumnado a disposición dos alumnos que máis axuda necesiten modificarse, tentando que ocupen os lugares máis próximos á pizarra e a o/a profesor/a. A disposición de todo o alumnado modificarase a miúdo dependendo das necesidades específicas de aprendizaxe e de organización da aula para crear un espazo de traballo axeitado.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura: nos grupos da ESO realizaremos os 20 min de lectura diaria no horario correspondente facilitado por xefatura de estudos. Realizarase unha lectura compartida a partir dunha proposta do/a profesor/a, en xeral relacionada con este departamento, tentando que lles resulte atractiva e motivadora. As lecturas poden estar relacionadas con algunha das propostas das materias.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X	X			
ET.4 - Competencia dixital. En todos os grupos dase aos alumnos a formación necesaria sobre tratamento de imaxes para poder cargar os traballos nas mesmas, e poder manter comunicación co profesorado mediante a súa mensaxería. Durante a Semana Verde no centro elaboraranse traballos para o Concurso IGNACIO LÓPEZ BUENO de presentacións informáticas e audiovisuais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Igualdade de xénero. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Poñemos á disposición do alumnado unha biblioteca de aula na que podemos atopar tanto libros de texto, como revistas especializadas en deseño (gráfico, arquitectónico, interiorismo...) bilingües (castelán-inglés) ou libros para gozar dunha lectura agradable inmersa en espectaculares ilustracións.

Todo o traballo do departamento xirará en torno o desenvolvemento do pensamento lóxico, en estreita relación co mundo que nos rodea.

Xa que os temas transversais se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, o departamento participará activamente en diferentes actividades propostas por éste ou por outros departamentos, e en algúns dos programas que se desenvolven no centro;

-Programa TEI, dirixido a 1º e 3º ESO. Faremos fincapé na inclusión, convivencia e igualdade.

-Organización da Semana Verde, para concienciar á comunidade educativa acerca da importancia de coidar o medio ambiente e de ter hábitos de vida saudables.

-Participación nas conmemoracións do 25 de novembro e 8 de marzo.

- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Os museos albergan, cada vez máis, coleccións e exposicións permanentes e temporais relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o noso alumnado.	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que teñan certo interese no noso alumnado.	X	X	X
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén.	X	X	X
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros..	X	X	X

Observacións:

O departamento de ARTES PLÁSTICAS participará nas celebracións e actividades propias do centro, como Samaín, Nadal, Entroido, Semana Verde e Semana da Diverciencia; colaborando, na medida do posible nos aspectos relacionados coa área, propostas de actividades, elaboración de carteis, elección e propostas de traballos gráfico plásticos... Así como nos programas e actividades enunciadas no punto 14 da programación, Temas transversais.

Deste xeito o departamento, participará activamente en diferentes actividades propostas por éste ou por outros departamentos, Orientación, Normalización Lingüística, Vicedirección, Biblioteca, matemáticas... e en algúns dos programas que se desenvolven no centro:

- Programa TEI: orientado a alumnos de 3º ESO . Faremos fincapé na inclusión, convivencia e igualdade
- Conmemoracións 25 de novembro e 8 de marzo. Colaboración coas actividades propostas polo dep. de Orientación.
- CONTRATOS PROGRAMA
Xunto con Vicedirección encargárase da organización, planificación e deseño de actividades da Semana Verde.
Xunto co departamento de Matemáticas encargárase da organización, planificación e deseño de actividades da Semana da Diverciencia, na última semana do curso, coa colaboración dos departamentos de Tecnoloxía, Física e Química, e todos os que queiran colaborar na mesma.

Así mesmo ó longo do curso e según á oferta das distintas institucións, o departamento podería realizar algunha visita didáctica, para os distintos grupos de Educación Plástica Visual e audiovisual de 1º, 3º e 4º da ESO, e de Debuxo Técnico de 1º e 2º de BAC, a algún dos museos, salas de exposicións, fundacións ou mostras que se puideran desenvolver, en principio na comunidade, durante o período escolar. A temporalización dependerá da oferta das diferentes institucións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

Metodoloxía empregada
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
Outros
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

Deste xeito teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- Cumpriuse a planificación das actividades programadas en canto a número, duración e nivel de dificultade.
- As actividades resultaron interesantes e motivadoras para os alumnos.
- Os materiais propostos empregados foron accesibles, atractivos e suficientes.
- Conseguiuse involucrar a todo o alumnado no desenvolvemento das actividades tendo un bo clima nas aulas.
- Aplicáronse as medidas de atención á diversidade necesarias para o desenvolvemento cognitivo de todo o alumnado.
- Traballáronse os temas transversais a través do traballo diario na aula, desenvolvéndoos e relacionándoos cos contidos da materia.
- O traballo realizado é valorado positivamente polo alumnado e polo resto da comunidade educativa.
- Trabállase coas novas tecnoloxías para mellorar a experiencia educativa.
- O profesorado participa dos programas de formación continua para manterse actualizado.
- Os resultados do proceso de avaliación foron positivos en xeral.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual, no taboleiro da aula, no blog, ou entregados en papel.

9. Outros apartados